

Iniciativa Cidadá de Mugardos perante a demanda cidadá dunha biblioteca pública municipal

Desde a Iniciativa Cidadá de Mugardos cremos que é responsabilidade de tódalas partes tratar con claridade e rigor a situación que arrodea o edificio do Apelón e o seu futuro uso. Á marxe de decisións que se tomasen en corporacións anteriores, das que obviamente non formamos parte, no ano e medio que levamos no Concello os principais fitos no que atinxe ao Apelón foron os seguintes:

30 de outubro do 2015: o Pleno Ordinario aproba con 8 votos a favor (4 PP, 3 EU, 1 PSOE) e 5 abstencións (3 ICM, 2 BNG) unha proposta na que un dos puntos acorda “plantexar a nova posibilidade de traslado do Cuartel da Guardia Civil ao edificio do Colexio de Apelón”.

27 de novembro do 2015: ICM reitera no Pleno Ordinario a súa preferencia porque o Apelón se destine a Biblioteca.

23 de decembro do 2015: o Pleno Ordinario acorda por unanimidade a desafectación da Escola Infantil de Apelón. ICM intervén considerando que “é bo que os grupos empecen a falar dun futuro uso cultural e social deste edificio”.

26 de febreiro do 2016: o Pleno Ordinario acorda por unanimidade adquirir o local onde actualmente está a Biblioteca Municipal. Unha vez máis, ICM aproveita para apoiar o traslado deste servizo ao edificio do Apelón.

29 de abril do 2016: ICM e BNG presentan no Pleno unha moción para destinar o edificio do Apelón a Biblioteca Pública Municipal. A moción non prospera, ao contar só con 5 votos a favor (3 ICM, 2 BNG) e 7 en contra (4 PP, 3 EU).

29 de xullo do 2016: EU, ICM e BNG asinan un acordo de goberno no que sinalan como “obxectivo clave do Goberno neste mandato” unha Biblioteca Municipal “dignamente dotada e acorde aos tempos”. Este foi o compromiso consensuado polas tres partes, sabedoras de que partiamos de expectativas diferenciadas sobre o uso do edificio do Apelón. Deste xeito respéctanse as posicións previas de cada unha das partes neste asunto, que manteñen como maioritaria no conxunto da Corporación a opción da Guardia Civil.

12 de agosto do 2016: EU, ICM e BNG asumen o goberno municipal de Mugardos. Desde entón boa parte dos esforzos céntranse en atopar alternativas viables onde trasladar unha nova Biblioteca Pública Municipal de calidade, tal e como reza o acordo de goberno. Ao mesmo tempo, celébranse encontros entre o goberno municipal e representantes da Guardia Civil para estudar a viabilidade do proxecto de traslado desta ao edificio do Apelón. ICM participa destes encontros como parte do goberno municipal, e respectando os acordos plenarios, máis en concordancia co noso posicionamento público non formamos parte dos acordos que se puideran acadar.

Setembro do 2016: nace a Plataforma pola defensa do Apelón para a Educación, que comeza unha campaña na procura de apoio social, con notable éxito. ICM asiste a dúas chamadas desta: un primeiro encontro multilateral o **20 de outubro** (Plataforma, PP, EU, ICM, BNG e PSOE) no que recibimos o documento que esta redacta sobre as necesidades dunha nova biblioteca; e un segundo encontro bilateral o **10 de novembro** (Plataforma e ICM) no que trasladamos o noso apoio público, mais tamén a nosa opinión sobre a importancia de centrar esforzos en convencer mediante o diálogo ás partes discrepantes (PP e EU), máis que en reafirmarse perante as partes coincidentes (ICM, BNG e agora tamén PSOE).

Entendemos que o futuro uso do Apelón non o decide o goberno municipal, senón o conxunto da Corporación, polo que non consideramos oportuno falar de equilibrios de voto dos 8 membros do goberno, senón dos 13 membros do Pleno.

O compromiso do goberno municipal do que formamos parte é dotar dunha biblioteca moderna e digna ao Concello de Mugardos. Este é o obxectivo que une a EU, ICM e BNG e sobre o que non existen divisións. As posicións diferentes a respecto do Apelón eran públicas, recoñecidas e asumidas por cada unha das partes con enteira responsabilidade. Pero tampouco podemos negar as diferenzas sobre como debe actuar **o conxunto do goberno** perante as demandas de participación da veciñanza, algo que se fixo evidente no Pleno do pasado día 25 e que deberá abordarse polas tres organizacións que sustentamos o pacto.

Sendo esta a relación cronolóxica de **feitos contrastables**, non podemos aceptar ningún tipo de terxiversación a respecto do papel de ICM neste asunto. É incoherente e oportunista que o PP acuse a ICM e BNG de non impoñer a nosa maioría no seo do goberno, e ao mesmo tempo apele ao “respecto polas decisións plenarias” como fixo fronte a Plataforma ao remate do pasado Pleno do 25 de novembro. E sobre o enésimo intento de enredo do PP, desta volta sobre o papel de ICM neste asunto, non ten máis que mudar o seu voto a respecto do Apelón para comprobar o resultado.

É o conxunto da Corporación a que determina democraticamente o futuro de Mugardos.